

1º Concurso de Pintura de Marinas “Puerto de Ferrol”

“El Mar y las Artes Plásticas”



B A S E S

- 1) Poderán participar todos os artistas que o desexen, **independentemente da súa nacionalidade ou residencia**.
- 2) Cada artista poderá presentar unha única obra coa condición que esta non tivese sido exposta con anterioridade en ningún outro certame.
- 3) Os traballos presentados serán de temática mariña e poderán estar realizados con técnica de óleo, acrílico, acuarela ou coa combinación de varias; non serán admitidas collages ou fotomontaxes.
- 4) As obras presentaranse en condicións axeitadas para ser expostas (no caso de óleos e acrílicos, enmarcadas por un listón de madeira que as protexa). A dimensión máxima das obras será de 90 x 90 cm, e a mínima de 45 x 45 cm.
- 5) As obras entregaranse anónimas, **sen asinar**, mais identificadas mediante unha etiqueta no reverso na que apareza o lema da obra. As obras virán envurulladas e á parte acompañarase dun sobre cerrado, identificado no exterior con o lema. Nese sobre deberá ser incluído: fotocopia do DNI, fotografía en cor da obra co título, técnica empregada e os datos persoais do autor (nome, apelidos, enderezo e teléfono).
- 6) As obras que non cumpran estes requisitos serán rexeitadas.
- 7) O prazo de admisión das obras fica establecido entre o 4 de novembro e o 11 de decembro de 2009.
- 8) As obras presentaranse no Rexistro Xeral de entrada da **Autoridade Portuaria de Ferrol - San Cibrao**; de luns a venres laborábeis de 09.00 a 14.00 horas. Proporcionarase un xustificante no momento de entrega da obra.
- 9) Tamén poderán remitirse obras con portes pagos ao mesmo enderezo, en embalaxe reutilizábel para a súa devolución a portes debidos. En calquera caso, **serán de conta do participante os gastos do transporte e devolución da obras**.
- 10) Para cualificar, seleccionar e valorar as obras presentadas polos participantes, a **Autoridade Portuaria de Ferrol - San Cibrao** designará un **Xurado Cualificador** integrado por un Presidente e un número impar de **membros de recoñecida solvencia e prestixio**.



Puerto de Ferrol



Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao

